

Forma musical

A forma musical consígnase con **letras maiúsculas**, unha letra para cada verso. De repetírense os versos musicais, aparecen antes e despois deles estes signos: **/:** e **:/**, que se corresponden coa dobre barra con dous puntos utilizada na escritura musical. Tamén poden aparecer entre parénteses (**/:**) e (**:/**), o que indica que non en tódalas coplas ou estrofas se utiliza a repetición. Estes signos aparecen só nos resultados, non se deben introducir ao efectuar a busca, pois o buscador non os recoñecerá.

Xeralmente, a repetición musical á que vai ligada unha repetición do texto irá notada con estes signos; no caso de ser a música igual e o texto diferente, volveranse escribir os versos. Exemplo para o primeiro caso: **/:A B:/**; para o segundo: **A B A B**.

Despois da letra poden aparecer os seguintes signos:

1. **v** (inicial de *variante*) minúsculo.
2. **'** (prima, apóstrofo), utilizado para unha variante de menor entidade.
3. Un número arábigo seguido de **s** (inicial de *superior*) ou **i** (inicial de *inferior*): indican que hai unha secuencia. O número indica a relación interválica á que sucede a secuencia, e o **s** ou **i** indica a dirección (cara ao agudo ou cara ao grave) en que esa secuencia ocorre en relación co verso do que procede.

Débase buscar sobre a forma concreta, con tódolos signos utilizados –agás, como dixemos, os de repetición–, p.ex.: **A B A2i B2i**;

[MUS45](#)

2. Las o - las me con - tes - ta - ron
que ha - bí - a pa - sa - do ya ³
con un ra - mi - to de flo - res
ti - rán - do - las por el mar, por el mar.

Forma: **A A'2s Av B**

[MUS2](#)

(A) - par - ta, lou - rei - ro ver - ^{3:2} - de,
a - par - ta, lou - rei - ro ver - ^{4:3} - de,
dei - xa cla - re - - - a - la lu - na
que es - tou no me - dio do mo ^{5:4} - n - te - m
que es - tou no me - dio do mo - n - te -
cou - sa non ve - - - xo nin - gu - nha.

Forma: **/:A:/B:/A:/B**